



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000010

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019

CONCELLEIRO/AS ELECTOS/AS:

PSdeG-PSOE :

D: Mariano Iglesias Castro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

SECRETARIO-INTERVENTOR:

D. Eladio Bendaña Pardo

En Mesía, a 15 de xuño de 2019, sendo as doce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión constitutiva da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día.

1. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

Aberta a sesión, toma a palabra o Secretario da Corporación manifestando que na presente sesión vaise proceder á constitución da Corporación resultante das pasadas eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, así como á elección do Alcalde. O artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, dispón:

"1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se houberse presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto constitúense o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos electos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15665 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000010

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base nas certificacións que ó Concello houberse remitido a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación si concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes."

Continúa O Sr. Secretario dicindo que todos os concelleiros proclamados electos asisten á presente sesión, polo que concorre a maioría absoluta do número de concelleiros electos esixida na lei. Así mesmo todos cumpriron co requisito de presentación da súa credencial, requisito esixido polo artigo 7 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e tamén presentaron as declaracións de bens e actividades relativas ó Rexistro de Intereses ás que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Procédese de seguido a constituír a Mesa de Idade, que estará integrada polos concelleiros presentes de maior e menor idade, que son, respectivamente, D. José Bello López e D. Javier López Vázquez. Presidirá a Mesa o concelleiro de maior idade, D. José Bello López, actuando como secretario da Mesa quen o é da Corporación.

Comprobadas as credencias presentadas dos electos que deben forma a Mesa de Idade con base na certificación que ó Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona, declárase constituída a Mesa de Idade por estar presentes nesta sesión as persoas a quen corresponde formala.

Procédese por parte da Mesa á comprobación das credenciais presentadas polos concelleiros electos con base na certificación que ó Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona.

Estando comprobadas as credencias, sinala o Sr. Secretario que o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, establece que *"No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos."*

Para a toma de posesión utilizarase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, de 5 de abril, ante un exemplar da Constitución: *"ixurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do concello de Mesía con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?"*

De seguido, o Sr. Secretario vai nomeando ós Sres. Concelleiros e Sras. Concelleiras, segundo a orde establecida na certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona, aos efectos de que presten xuramento ou promesa contestando:

D. Mariano Iglesias Castro, si, xuro, D^a Pilar Sánchez Ulloa, si, xuro, D Gervasio Sánchez Barreiro, si, prometo, D José Pardo Álvarez, si, xuro, D. José Manuel Blanco López,



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000010

si, xuro, D José Fernando García Lesta, si, prometo, D^a María Amparo García Pernas, si, prometo, D. Manuel Méndez Remeseiro, si, xuro, D. José Bello López, si, prometo, D. Javier López Vázquez, si, prometo, D^a Beatriz Louro López, si, prometo.

Téndose cumprido o disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, a Mesa de Idade declara formalmente constituída a Corporación Municipal de Mesía.

O Sr. Secretario pon de manifesto que, de acordo co establecido no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, están a disposición de todos os membros da Corporación os xustificantes económicos, acta de arqueo así como a documentación relativa ó Inventario de Bens da Corporación.

2. ELECCIÓN DE ALCALDE.

De seguido procederáse á elección do Alcalde, de acordo co procedemento previsto no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, que establece:

"Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

Si algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.

Si ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera o maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolveríase por sorteo."

Manifesta o Sr. Secretario que o sistema normal para a adopción de acordos é o ordinario de man alzada. Non obstante si se quere elixir ó Alcalde por votación nominal ou secreta requirirá a solicitude de algún grupo neste sentido e ser aprobado por maioría simple ou absoluta, respectivamente, dos concelleiros presentes. Non habendo manifestacións ó respecto, vótase a man alzada. En canto ás candidaturas á Alcaldía, son candidatos todos os concelleiros que encabezaron as súas correspondentes listas:

D. Mariano Iglesias Castro, que encabeza a lista do Partido dos Socialistas de Galicia, PSdeG-PSOE

D. Javier López Vázquez, que encabeza a lista do Partido Popular.

D^a Beatriz Louro López, que encabeza a lista do Bloque Nacionalista Galego.

Procédese, de seguido, á votación

Votos a favor de D. Mariano Iglesias Castro: nove (9) votos.

Votos a favor de D. Javier López Vázquez: un (1) voto.

Votos a favor de D^a Beatriz Louro López: un (1) voto.

En consecuencia queda proclamado Alcalde o concelleiro que obtén a maioría absoluta de votos, D. Mariano Iglesias Castro, candidato que encabeza a lista do PSdeG-



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000010

PSOE.

De seguido procede o xuramento ou promesa do Sr. Alcalde para o seu cargo conforme á fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, de 5 de abril, ante un exemplar da Constitución: ¿xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do concello de Mesía con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado? O Alcalde xura o seu cargo.

O Sr. Presidente da Mesa entrégalle o bastón de mando ao Sr Alcalde, quen asume a presidencia da sesión, toma a palabra e manifesta que, en primeiro lugar, quero dar a palabra aos restantes grupos municipais, comenzando pola orde inversa ao número de votos, así que pásolle a palabra á Sra. Louro, concelleira do Bloque Nacionalista Galego.

Manifesta a Sra. Louro que alégrome de ter chegado ata aquí, quero dar as gracias á xente que nos votou. É a miña intención axudar e colaborar para facer o mellor para o noso pobo.

Toma a palabra de seguido o Sr. López, concelleiro do Partido Popular, quen manifesta que o que pretendemos é dar brío e colaborar no que poidamos para que Mesía sexa un pouco máis.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que agradezo as verbas de colaboración e quero felicitar a todos os que hoxe estamos aquí, especialmente aos novos. Coido que todos perseguimos o mesmo, o mellor para Mesía. Agradezo a todos os veciños de Mesía que nos apoiaron e aos que votaron a outras opcións políticas tamén, xa que serei alcalde de todos como así foi nas últimas lexislaturas e seguirá sendo. Agradezo aos meus compañeiros o seu traballo, xa que por iso estou hoxe aquí, e agradezo tamén o seu traballo aos compañeiros que hoxe xa non están aquí. Asimesmo, e independentemente da maioría, tratarei de reunir todos os consensos posibles, sempre encontrarán a miña man tendida e unha receptividade dialogante. Espero que a lexislatura sexa fructífera e cordial. Moita sorte a todos, moitas gracias e bo día a todos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as doce horas e quince minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,

(FECHA: 20/06/2019 09:29:00)

(FECHA: 20/06/2019 09:28:00) , Mariano Iglesias Castro

(FECHA: 20/06/2019 09:28:00) , Mariano Iglesias Castro

(FECHA: 20/06/2019 09:28:00) , Mariano Iglesias Castro

FIRMADO POR Eladio Bendaña Pardo
Versión imprimible

CVD: EpOvCnaMaz3MIjSnKbP2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.